

# **Orzamentos Xunta de Galiza 2022**



**Gabinete Técnico Confederal**

## PROXECTO DE ORZAMENTOS 2022. XUNTA

Os orzamentos da Xunta para o próximo ano 2022 alcanzan os 13.117,17 millóns de euros, un 2,1% menos que o previsto para o ano 2021, segundo se reflicte no proxecto de orzamento recentemente presentado.

O descenso prodúcese nos gastos financeiros, os cales se reducen un 18,7%. Os gastos non financeiros aumentan un 0,6%, acadando os 11.627,32 millóns de euros. Os gastos financeiros, ao destinarse maioritariamente a amortizar débeda, non teñen un efecto directo na economía, sendo, polo tanto, os non financeiros os que se espallan pola economía contribuíndo ao crecemento do PIB.

Ao PIB estímaselle un crecemento do 6%, segundo se especifica no cadro macroeconómico que acompaña os devanditos orzamentos.

### CADRO MACROECONÓMICO

	2020	2021	2022
<i>Gasto en consumo final</i>	-7,4	5,9	3,8
<i>Consumo fogares</i>	-11,3	6,9	5,1
<i>Consumo AAPP</i>	4,5	3,3	0,4
<i>Formación bruta de capital</i>	-13,2	7	8,1
<b><i>Achega demanda interna</i></b>	<b>-8,3</b>	<b>6</b>	<b>4,4</b>
<i>Exportacións</i>	-5,8	7,9	10,3
<i>Importacións</i>	-4,6	8	7,3
<i>Achega sector exterior</i>			
<b><i>Produto Interior Bruto</i></b>	<b>-8,9</b>	<b>6</b>	<b>6</b>
<b><i>Emprego</i></b>	<b>-8</b>	<b>5,4</b>	<b>3,1</b>
<b><i>Taxa de paro</i></b>	<b>12</b>	<b>12,2</b>	<b>11,7</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos 2022. Xunta de Galiza

Estímase un crecemento do PIB para 2022 (6%), da mesma contía do que se espera que remate o ano 2021. Recordemos que, no proxecto de orzamentos de 2021, a previsión de crecemento do PIB era do 8%; hai, pois, unha estimación a baixa de 2 p.p. Estimación tamén corrixida no caso da creación de emprego. Neste caso, aínda que no proxecto de orzamentos de 2021 se estimaba un medre do emprego (postos equivalentes a tempo completo) do 7%, esta estimación foi modificada á baixa. No proxecto deste ano estímasse que remate 2021 cun medre do emprego do 5,4%.

Centrándonos no cadro macroeconómico previsto para 2022, o excesivo optimismo volve ser outra das características máis salientables. Que este ano, 2021, se dea un crecemento interanual importante do PIB é o lóxico, xa que a situación de partida -ano 2020-, coa crise sanitaria paralizandoo a maior parte da

actividade económica en diversos períodos do ano, fai que o medre sexa unha consecuencia case lóxica da evolución económica.

Pero xa ao longo deste ano 2021, diversos factores que afectan directamente á actividade económica, como o prezo da enerxía, déficit no abastecemento de distintas materias primas, etc., fan presaxiar unha ralentización da actividade, que todo indica que se pode acusar no próximo ano, o que fai difícil dar verosimilitude ao cadro macroeconómico descrito anteriormente.

Estas dificultades están afectando a todas as economías do noso contorno, o que agrava aínda máis a recuperación, máxime cando, para o próximo ano, o sector exterior cobra especial relevancia, no escenario macroeconómico que acompaña os orzamentos.

Aínda que en 2021 o crecemento do PIB galego descansa unicamente na demanda interna, para o ano 2022, espérase que o sector exterior contribúa con 1,6 p.p, ao crecemento do PIB, sendo a achega da demanda interna de 4,4 p.p. E dentro da demanda interna, o maior peso recae na formación bruta de capital.

No que atinxe á creación de emprego, estímase un medre do 3,1%, lonxe do 5,4% co que se espera que remate 2021. Menor creación de emprego a pesar de estimar un medre igual do PIB.

Con esta evolución, estímase que a taxa de paro en 2022 sexa dun 11,7%.

Como se expuxo anteriormente, a achega da Xunta a este escenario vai ser en torno aos 11.627 millóns de euros. A distribución do devandito gasto, por capítulos, é como segue a continuación.

ORZAMENTO DE GASTO POR CAPÍTULOS (millón de euros)

	Variación			
	2021	2022	Absoluta	%
<i>I. Gastos de persoal</i>	4.305,9	4.327,39	21,49	0,5
<i>II. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	2.012,9	1.983,87	- 29,03	-1,4
<i>III. Gastos financeiros</i>	99,8	74,46	- 25,34	-25,4
<i>IV. Transferencias correntes</i>	2.595,9	2.641,74	45,84	1,8
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>9.014,6</b>	<b>9.027,46</b>	<b>12,86</b>	<b>0,1</b>
<i>V. Fondo de continxencia</i>	45,4	45,41	0,01	0,0
<i>VI. Investimentos reais</i>	1.535,1	1.441,94	- 93,16	-6,1
<i>VII. Transferencias de capital</i>	967,7	1.112,51	144,81	15,0
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.502,9</b>	<b>2.554,45</b>	<b>51,55</b>	<b>2,1</b>
<b>T. GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>11.562,9</b>	<b>11.627,32</b>	<b>64,42</b>	<b>0,6</b>
<i>VIII. Activos financeiros</i>	243,6	220,36	- 23,24	-9,5
<i>IX. Pasivos financeiros</i>	1.589,9	1.270,21	- 319,69	-20,1
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>1.833,5</b>	<b>1.490,57</b>	<b>- 342,93</b>	<b>-18,7</b>
<b>Total Xunta</b>	<b>13.396,5</b>	<b>13.117,89</b>	<b>- 278,61</b>	<b>-2,1</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos 2022. Xunta de Galiza

A Xunta, no proxecto de orzamentos para 2022, ao comparar co proxectado para o ano 2021 distingue entre gastos consolidables e non consolidables. Os non consolidables fan referencia a gastos extraordinarios xurdidos a consecuencia da pandemia que se permitiron sen ir acompañados do correspondente ingreso estrutural, e cubríronse con cargo ao Fondo Covid, fondo de consenso, fondo ReactEU..., co compromiso de que estes gastos desaparecerían a medida que fose desaparecendo a pandemia, de aí que en moitos casos cando se fala de variacións, ao comparalas cos gastos consolidables, os incrementos son moito maiores que se se comparan cos gastos reais. Neste informe sempre imos tomar como referencia os gastos totais, consolidables e non consolidables.

No caso dos gastos de persoal, este foi un capítulo que requiriu de gastos adicionais durante o ano 2021. Así, a comparación pode variar desde un medre do 0,5% tendo en conta os gastos totais, ou dun 4,9% se só se teñen en conta os gastos consolidables.

Os gastos de persoal absorben a maior partida orzamentaria, concretamente o 33% do total do gasto previsto para 2022.

Neste incremento está incluído o medre do 2% da suba salarial do persoal funcionario e os posibles aumentos de persoal. O incremento é cativo, e inferior ao aumento medio dos gastos non financeiros, que se prevé dun 0,6%.

No capítulo 2, gastos en bens correntes e servizos, estímase un descenso do gasto do 1,4%. Este descenso está moi concentrado na Consellaría de Educación, polos gastos que supuxo adaptar o ensino ás condicións que requiría a situación sanitaria.

O maior descenso porcentual por capítulos rexístrase no capítulo III -gastos financeiros-, debido ao descenso dos custos asociados á débeda. A este capítulo asígnaselle un 25,4% menos de fondos que no ano 2021.

Ao capítulo de transferencias correntes, o segundo de maior importancia do orzamento, estímase un 1,8% máis de fondos, acadando os 2.641,74 millóns de euros. Aquí están incluídas as transferencias a familias, empresas, etc. A análise máis polo miúdo facémola na distribución por funcións.

No que atinxe ás transferencias de capital, capítulos VI e VII, en conxunto medra un 2,1%. O incremento débese ao medre das transferencias de capital (15%), xa que os investimentos reais descenden con respecto a 2021(-6,1%), é dicir, descende a cantidade que a Xunta vai investir, en capital, directamente na economía como un axente económico máis (capítulo VI). E, pola contra, medra a cantidade que vai transferir aos axentes económicos para investimento en capital.

O capítulo 9 -pasivos financeiros- recolle basicamente o montante destinado a amortizar a débeda pública. No ano 2022 aos gastos por este concepto

prevéselle un descenso do 20%. Son 1.270 millóns os destinados a amortizar débeda pública.

A distribución do gasto por funcións permite unha análise máis pormenorizada do devandito gasto.

DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL DO GASTO. Millóns de euros

Grupos de función	2021	2022	Variación	
			Absoluta	%
<b>1. Servizos de carácter xeral</b>	<b>312</b>	<b>305,7</b>	- <b>6,30</b>	<b>-2,0</b>
Alta dirección da CA	39,9	40,2	0,30	0,8
Administración xeral	77,4	74,2	- 3,20	-4,1
Xustiza	161,2	161,9	0,70	0,4
Administración local	17,2	17,3	0,10	0,6
Normalización lingüística	13	10,1	- 2,90	-22,3
Procesos electorais e órganos de representación política	3,3	2	- 1,30	-39,4
<b>2. Protección civil e seguridade cidadá</b>	<b>30,3</b>	<b>29,4</b>	- <b>0,90</b>	<b>-3,0</b>
Protección civil e seguridade	30,3	29,4	- 0,90	-3,0
<b>3. Protección e promoción social</b>	<b>1325,5</b>	<b>1390</b>	<b>64,50</b>	<b>4,9</b>
Acción e promoción social	946,8	987,1	40,30	4,3
Promoción do emprego e inst. do merc. de traballo	371,3	395,1	23,80	6,4
Cooperación exterior	7,4	7,8	0,40	5,4
<b>4.- Prod. de bens públ. de carácter social</b>	<b>7536,2</b>	<b>7644,9</b>	<b>108,70</b>	<b>1,4</b>
Sanidade	4582,6	4584	1,40	0,0
Educación	2632,5	2696,3	63,80	2,4
Cultura	91,1	96,4	5,30	5,8
Deportes	32,4	32,4	-	0,0
Vivenda	85	112,7	27,70	32,6
Outros servizos comunitarios e sociais	112,6	123,1	10,50	9,3
<b>5.- Prod. de bens públicos de carácter ec.</b>	<b>1120,7</b>	<b>1167,9</b>	<b>47,20</b>	<b>4,2</b>
Infraestruturas	335,2	336,7	1,50	0,4
Ordenación do territorio	16,6	16,4	- 0,20	-1,2
Promoción de solo para actividades econ.	11	10,8	- 0,20	-1,8
Actuacións ambientais	199,1	219,6	20,50	10,3
Actuacións e valorización do medio rural	171,7	169,7	- 2,00	-1,2
Investigación, desenvolvemento e innovación	227,5	266,5	39,00	17,1
Sociedade da información e do coñecemento	155,1	143,3	- 11,80	-7,6
Información estatística básica	4,5	4,9	0,40	8,9
<b>6.-Regulación económica de carácter xeral</b>	<b>272,3</b>	<b>107,9</b>	- <b>164,40</b>	<b>-60,4</b>
Actuacións económicas xerais	28,7	30,3	1,60	5,6
Actividades financeiras	243,6	77,6	- 166,00	-68,1

<b>7.-Reg. económica de sectores prod. e desen. empresarial</b>	<b>996,4</b>	<b>1005,2</b>	<b>8,80</b>	<b>0,9</b>
<i>Dinamización económica do medio rural</i>	356,7	402,4	45,70	12,8
<i>Pesca</i>	126,1	128,2	2,10	1,7
<i>Industria, enerxía e minería</i>	69,1	89	19,90	28,8
<i>Desenvolvemento empresarial</i>	308,4	241,3	- 67,10	-21,8
<i>Comercio</i>	23,7	18,3	- 5,40	-22,8
<i>Turismo</i>	112,4	126	13,60	12,1
<b>8.-Transferencias a entidades locais</b>	<b>129,4</b>	<b>138,1</b>	<b>8,70</b>	<b>6,7</b>
<i>Transferencias a entidades locais</i>	129,4	138,1	8,70	6,7
<b>9.-Débeda pública</b>	<b>1671,4</b>	<b>1326,5</b>	<b>- 344,90</b>	<b>-20,6</b>
<i>Débeda pública</i>	1671,4	1326,5	- 344,90	-20,6
<b>TOTAL</b>	<b>13394,2</b>	<b>13115,6</b>	<b>- 278,60</b>	<b>-2,1</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos 2022. Xunta de Galiza

Dentro do **grupo 1, servizos de carácter xeral**, cun 2% menos de fondos destinados a este, é de salientar a importante caída do orzamento destinado a normalización lingüística, un 22% menos de fondos que no ano 2021.

Os fondos destinados a **protección e promoción do emprego, grupo 3**, aumentan un 4,9%. Dentro deste, acción e promoción social elevan o seu orzamento ata os 987,1 millóns, un 4,3% máis.

Dentro desta función, o programa que absorbe a maior partida orzamentaria é o 312D, programa de atención á dependencia. O orzamentado para o ano 2022 alcanza os 487,9 millóns de euros, un 10% máis que no ano 2021. Nos orzamentos do Estado español, o medre deste programa estímase nun 25%. As CCAA achegan cada ano, como mínimo, unha cantidade igual á que financia o Estado, polo que a Xunta se ve obrigada a incrementar a dotación deste programa.

Dentro desta función, o programa de prestacións a familia e infancia experimenta un forte descenso. Dentro del, está a RISGA, á cal este ano se destinan 50 millóns de euros; no ano 2021 foran 64,3 millóns os destinados a esta renda de inserción.

Dentro deste grupo están incluídas as partidas destinadas a igualdade, violencia de xénero... Neste caso, a evolución é asimétrica. Aumentaron os fondos destinados a protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero (de 14,7 a 17,9 millóns) e ao programa de accións para a igualdade (de 10,2 a 11,5 millóns). Pola contra, os fondos destinados a conciliación da vida laboral e persoal reducíronse de 2,6 a 1,9 millóns.

Os fondos destinados a promoción do emprego aumentaron un 6,4%, polo que se prevé destinar á devandita acción 395,1 millón de euros. Dentro dela, os programas máis importantes son os seguintes:

PROMOCIÓN DO EMPREGO E INSTITUCIÓNS DO MERCADO DE TRABALLO. Millóns de euros

	2021	2022
<i>Mellora e fomento da empregabilidade</i>	54,70	98,3
<i>Promoción do emprego autónomo</i>	151,50	115
<i>Formación profesional desempregados/as</i>	85,30	105,8
<i>Formación profesional ocupados/as</i>	11,70	7,4
<i>Mellora da org. e adm. das relacións laborais e prevención</i>	27,00	25,2
<i>Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo</i>	0,75	0,75
<i>Promoción da economía social</i>	33,00	35

Fonte: Proxecto de orzamentos 2022. Xunta de Galiza

A evolución é moi desigual. Así, os fondos destinados a mellora e fomento da empregabilidade experimentan un incremento moi importante, do 79,7%. Tamén o programa destinado a formación profesional para desempregados medra sensiblemente, un 24%. Pola contra, outros programas, como a promoción de emprego autónomo e a formación profesional para ocupados, rexistran unha importante caída.

Chama a atención que, nun momento histórico de continuos e rápidos cambios na estrutura e organización empresarial, cando continuamente se está falando da necesidade de adaptación dos traballadores e traballadoras á nova realidade, sexa o programa destinado a formación continua o que máis descende.

A **función 4, produción de bens públicos de carácter social**, absorbe o 58,3% do total do orzamento. Forman parte deste grupo funcións tan importantes como sanidade e educación.

Con respecto a sanidade, a partida destinada para o ano 2022 acada os 4.584 millóns de euros, cantidade semellante a do ano 2021. E o que si se producen son cambios dentro desta: baixan os gastos destinados a atención primaria (de 1.391 a 1389 millóns) e medran os gastos destinados a atención hospitalaria e a protección e promoción da saúde pública.

No que atinxe a educación, medra a dotación orzamentaria un 2,4%, 63 millóns de euros máis que absorbe practicamente a dirección e servizos xerais de educación para destinalos a modernización tecnolóxica. No que atinxe ás ensinanzas, curiosamente, descenden os fondos destinados á formación secundaria e profesional (de 909 a 904 millóns). Tanto a universitaria como a primaria e o ESO, medran lixeiramente.

A prevención do abandono escolar destínanse 33 millóns de euros, 7 máis que en 2021.

Á **función 5, Producións de bens públicos de carácter económico**, asígnaselle 1.167,9 millóns de euros, un 4,2% máis que en 2021, con importantes diferenzas entre as distintas subfuncións que a compoñen.

As directrices dos fondos comunitarios reflíctense claramente neste grupo, xa que aumenta a achega de fondos para actuacións ambientais e I+D+i, e no resto das actuacións diminúe o orzamentado.

Dentro das actuacións ambientais, todos os programas ven incrementados os seus fondos en maior ou menor medida.

A I+D+i, destínanse 39 millóns máis, acadando os 266,5 millóns. O incremento absórbeo practicamente o programa de Plan galego de I+D+i tecnolóxico.

No ano 2021, o programa de actividades financeiras, dentro da **función 6, regulación económica de carácter xeral**, experimentara un importante crecemento froito da dotación dun fondo destinado a imprevistos e funcións non clasificables provocada pola pandemia. A mellora da situación sanitaria durante este ano leva a que esa dotación se reduza fortemente e con ela a contía da función.

No que atinxe ao pagamento da débeda e derivados, prevense destinar 1.326,50 millóns de euros, un 20,6% menos que neste ano 2021.

O novo endebedamento para o ano 2022 estímase en 1.762,4 millóns (un 25,3% menos que no ano 2021), dos cales 1.326 millóns se destinan a amortizar débeda. O resto, a cubrir as necesidades de financiamento do próximo ano, cantidade en torno aos 400 millóns de euros, cantidade resultante da diferenza entre os ingresos non financeiros (11.260,15 millóns de euros) e os gastos non financeiros (11.627 millóns).

Esta cantidade acumúlase á débeda xa existente. Así, a finais do 2022 a débeda viva da comunidade vaise situar en torno aos 12.207 millóns de euros.

O resto dos ingresos proceden dos distintos capítulos.

<b>INGRESOS POR CAPÍTULO</b>	<b>Variación</b>			
	2021	2022	Absoluta	%
<i>Capítulos</i>				
<i>I. Impostos directos</i>	2.747,9	2.843,90	96,00	3,5
<i>II. Impostos indirectos</i>	3.337,4	3.094,30	- 243,10	-7,3
<i>III. Taxas, prezos e outros ingresos</i>	171,5	173,30	1,80	1,0
<i>IV. Transferencias correntes</i>	3.702,6	3.737,91	35,31	1,0
<i>V. Ingresos patrimoniais</i>	6,9	22,80	15,90	230,4
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>9.966,6</b>	<b>9.872,21</b>	<b>- 94,39</b>	<b>-0,9</b>
<i>VI. Alleamento de investimentos reais</i>	4,9	8,40	3,50	71,4
<i>VII Transferencias de capital</i>	1.039,2	1.379,54	340,34	32,8
<b>T. INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>11.010,8</b>	<b>11.260,15</b>	<b>249,35</b>	<b>2,3</b>
<i>VIII. Activos financeiros</i>	25,1	94,60	69,50	276,9
<i>IX. Pasivos financeiros</i>	2.360,5	1.762,42	- 598,08	-25,3
<b>TOTAL INGRESOS FINANCEIROS</b>	<b>2.385,6</b>	<b>1.857,02</b>	<b>- 528,58</b>	<b>-22,2</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>13.396,5</b>	<b>13.117,17</b>	<b>- 279,33</b>	<b>-2,1</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos 2022. Xunta de Galiza

Ao igual que ocorría ao comparar os gastos cos do ano 2021, acontece no caso dos ingresos. No ano 2021 -para facer fronte aos gastos derivados da pandemia- o Goberno do Estado transferiu ás CCAA un fondo extraordinario -no caso de



Galicia, de 685 millóns de euros- que é considerado non consolidable nos orzamentos, é dicir, extraordinario. Isto crea dificultades nas comparacións, xa que a Xunta nalgúns casos compara tendo en conta todos os ingresos, consolidables e non, e noutros casos só os non consolidables.

Tendo en conta os ingresos totais, os ingresos non financeiros aumentan un 2,3% en 2022, debido case exclusivamente ao aumento das transferencias de capital. Estas transferencias experimentan un ano máis un forte crecemento debido, novamente, á inclusión nelas doutros ingresos dentro dos fondos ReACT, os correspondentes aos Mecanismos de Recuperación e Resiliencia por importe de 400,5 millóns de euros.

O incremento da actividade económica, co conseguinte aumento do emprego, xustifica o incremento da recadación por imposición directa, no IRPF. Tamén se estima un medre importante a recadación a través do imposto de sucesións e doazóns, incremento que se xustificaría na evolución dos prezos de mercado que se vai trasladar á base imponible do imposto.

O descenso dos ingresos por impostos indirectos xustificárase pola caída de ingresos procedente da liquidación de anos anteriores, especialmente do ano 2020, ano en que a crise provocada pola COVID-19 reduciu fortemente o consumo e polo tanto os impostos ligados a este.

O importante medre das transferencias correntes explícase pola transferencia extraordinaria por parte do Estado para compensar a liquidación negativa do ano 2020. A Galiza correspóndenlle 365,7 millóns de euros adicionais por esta vía.

Como novidades fiscais, cómpre salientar a modificación da escala aplicable ao tramo autonómico do IRPF. Redúcense os tramos de 7 a 6, aos que se aplicarán tipos impositivos que van do 9,4 ao 23,5. Os actuais ían desde o 9,5 ata o 22,5.

Así mesmo, no imposto sobre o patrimonio establécese unha bonificación do 25% da cota.

Natividad López Gromaz